



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE XANEIRO DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 18 de xaneiro de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de xaneiro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Bases da convocatoria para a participación na programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2016. Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña. (Boletín Oficial da Provincia número 14, do 22 de xaneiro de 2016).

- Orde do 13 de xaneiro de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se fan públicos os anexos da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro de 2016).

- Orde do 13 de xaneiro de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se fan públicos os anexos da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017. (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro de 2016).

- Resolución do 20 de xaneiro de 2016, da Axencia Galega de Innovación, pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 30 de novembro de 2015 pola que se



establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN852A). (Diario Oficial de Galicia número 13, do 21 de xaneiro de 2016).

- Resolución do 12 de xaneiro de 2016, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se fan públicos os anexos da Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 10, do 18 de xaneiro de 2016).

- Escrito do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, rexistrado de entrada o día 15 de xaneiro de 2016, co número 0/327, no que comunica a sentenza na que se declara inadmisíbel o recurso contencioso-administrativo interposto por Energya, Sociedad Cooperativa contra a resolución número 96.2015 do concelleiro delegado da área de Patrimonio e Contratación, na que se acordou ter por retirada a oferta presentada pola recorrente para participar no procedemento de adxudicación do contrato da subministración de instalación solar térmica para auga quente sanitaria e piscina no complexo deportivo da Barcala, Cambre, ao abeiro da causa e) do artigo 69 da Lei de xurisdicción.

### **3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 15 ao 21 de xaneiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 25/2016 e remata coa resolución da Alcaldía número 56/2016, segundo se relaciona a seguir:

Faise constar que o día 21 de xaneiro de 2016 non se ditou ningún decreto.

| Nº Decreto | Data sinatura | Asunto  |
|------------|---------------|---|
| 25/2016    | 15/01/2016    | Convocatoria Xunta Goberno Local do día 18 xaneiro de 2016  |
| 26/2016    | 15/01/2016    | Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 20 de xaneiro de 2016   |
| 27/2016    | 15/01/2016    | Aprobar o plan de seguridade e saúde do programa de traballo e do plan de xestión de residuos da obra "Seguridade viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota (AC-214)", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2015 presentado pola |



|         |            |  |
|---------|------------|--|
|         |            | empresa "Excavaciones y Obras Candal, S.L."  |
| 28/2016 | 15/01/2016 | Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregados/as no exercicio de 2016 (AFD)   |
| 29/2016 | 15/01/2016 | Conceder as subvencións ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas-Programa Cambre Emprende 2015, por importe de 3.356,79 euros  |
| 30/2016 | 18/01/2016 | Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con minusvalidez. Solicitante: AND  |
| 31/2016 | 19/01/2016 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual por non constituír a axuda unha solución axeitada. Solicitante: MIRG  |
| 32/2016 | 19/01/2016 | Declarar o desistimento na reclamación de danos polas lesións sufridas polo seu fillo ERM no pé dereito, consecuencia dunha patada a unha botella rota de cristal nas inmediacións do Campo de fútbol de Cambre, o 29 de setembro de 2012. Expediente: Resp. Patrim. 10/2012. Solicitante: MBME  |
| 33/2016 | 19/01/2016 | Aprobar o recoñecemento de obrigas correspondentes a axudas de emerxencia social así como do seu pagamento por importe total de 445,31 euros. Exp 1/2016   |
| 34/2016 | 19/01/2016 | Modificación da designación de coordinador de seguridade e saúde da obra incluída no Plan DTC:93 Unha Deputación para todos os concellos, Adicional 1/2014, anualidade 2014, "Renovación do firme dos camiños municipais de Balado ao Drozo, e do Toural á Pena da Nosa Señora, Cambre 2014", a proposta da enxeñeira técnica de obras públicas municipal. Levarase a cabo pola empresa Gallega de Coordinacións, S.L. |
| 35/2016 | 19/01/2016 | Conceder as axudas económicas de emerxencia social para o pago recibo de luz por importe de 32,48 euros, recibo luz por importe de 60,21 euros e recibo de aluguer por importe de 280 euros. Solicitante: IRJ  |
| 36/2016 | 19/01/2016 | Conceder a axuda de emerxencia social recibo de luz e auga por importe de 100,54 euros e 69,82 euros respectivamente. Solicitante: SCL   |
| 37/2016 | 19/01/2016 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KVVV  |
| 38/2016 | 19/01/2016 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para vales alimentos por importe de 600 euros anuais   |



|         |            |  |
|---------|------------|--|
|         |            | durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: VOC  |
| 39/2016 | 19/01/2016 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: FPI   |
| 40/2016 | 19/01/2016 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SLG   |
| 41/2016 | 19/01/2016 | Aprobar o proxecto para executar o obradoiro de emprego "Novas tecnoloxías Cambre-Sada" cun orzamento total de 229.616,58 euros e solicitar a subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a realización dun obradoiro de emprego "Novas Tecnoloxías en Cambre-Sada" para mozos e mozas entre 18 e 29 anos no exercicio 2016 |
| 42/2016 | 19/01/2016 | Conceder a licenza para construír unha vivenda unifamiliar en San Roque, Santa Maria de Vigo. Solicitante: FBdeA-A   |
| 43/2016 | 20/01/2016 | Aprobar o texto do convenio de colaboración co Concello de Sada para a presentación do proxecto "Novas tecnoloxías en Cambre-Sada" dentro dos programas mixtos de emprego e formación Obradoiros de Emprego  |
| 44/2016 | 20/01/2016 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SLM   |
| 45/2016 | 20/01/2016 | Denegar as axudas económicas de emerxencia social para gastos derivados de vivenda habitual por non cumprir o establecido no artigo 22.4 non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: CLP  |
| 46/2016 | 20/01/2016 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DCS   |
| 47/2016 | 20/01/2016 | Procedemento abreviado. Infracción tributaria por incumplir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións (art192 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada PCL 2/2014   |
| 48/2016 | 20/01/2016 | Delegación de funcións do Sr. alcalde do día 21 ao día 26 de xaneiro, ambos incluídos  |



|         |            |   |
|---------|------------|---|
| 49/2016 | 20/01/2016 | Recoñecer o desistimento axuda recibo de gas, por non presentar a documentación requerida no prazo establecido. Solicitante: MBIP   |
| 50/2016 | 20/01/2016 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación, dado que non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecido. Solicitante: PADL   |
| 51/2016 | 20/01/2016 | Denegar a axuda económica de emerxencia social destinada a alimentación básica e hixiene persoal por estar esgotado o período máximo de concesión e sen ter pasado o período mínimo de 6 meses para ser de novo beneficiario. Solicitante: LDRJ   |
| 52/2016 | 20/01/2016 | Denegar a axuda económica de emerxencia social destinada a alimentación básica e hixiene persoal por estar esgotado o período máximo de concesión e sen ter pasado o período mínimo de 6 meses para ser de novo beneficiario. Solicitante: AAM  |
| 53/2016 | 20/01/2016 | Petición de informes para nova remisión ao Consello Consultivo de Galicia do expediente de resolución do contrato suscrito para execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012" e manter a suspensión do procedemento |
| 54/2016 | 20/01/2016 | Aprobar o proxecto para executar o obradoiro de emprego "Cambre-Sada Atención Sociosanitaria II" cun orzamento total de 202.989,10 euros e solicitar a subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria dun obradoiro de emprego "CAMBRE-SADA AENCIÓN SOCIOSANITARIA II" para 2016, así como Convenio de Colaboración co Concello de Sada                  |
| 55/2016 | 20/01/2016 | Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por JJEI para o exercicio da actividade de mesón no local situado na rúa Cruceiro, nº 6, Cambre. Exp. 2015/U019/000001  |
| 56/2016 | 20/01/2016 | Comparecer no recurso contencioso-administrativo nº 1 PA 0000370/2015 interposto por don AMBMM contra o Concello de Cambre por imposición de multa de 751 euros como consecuencia da comisión dunha infracción ao disposto na ordenanza de limpeza viaria   |

#### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**



Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns, 18 de xaneiro. Consello Escolar do CEIP Emilio González López de Brexo. Asistiu a concelleira de Promoción Económica, dona Maria Dolores Blanca García Fernández
- Mércores, 20 de xaneiro. Consello Escolar do IES David Buján de Sigrás. Asistiu o concelleiro de Cultura don Ramón Boga Moscoso.
- Venres, 23 de xaneiro. Acto simbólico de recepción de documentos na Fundación Wenceslao Fernández Flórez. Asistiron o alcalde en funcións don Juan González Leirós e o concelleiro de Cultura don Ramón Boga Moscoso.
- Sábado, 24 de xaneiro. Charla-coloquio no Museo do Xacemento romano, impartida pola Asociación de recreadores históricos de Galicia. O tema foi, "A vestimenta civil e militar romana e castrexa".

- Actividades das Bibliotecas. Paula Carballeiros: días 20, 21 e 22 de xaneiro, nas tres bibliotecas

#### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres 21 tivo lugar a fase comarcal da Carreira de campo a través escolar. O número de participantes foi de case 700 alumnos, 500 pertencentes a centros escolares e educativos do Concello de Cambre. A xornada realizouse con normalidade e non houbo ningún imprevisto, salvo a choiva. Asiste á carreira e ás entregas de premios a concelleira de Deportes.
- O sábado 23 abriu as súas portas despois de 10 meses pechada a piscina Municipal da Barcala. A xornada transcorreu con normalidade. Os cursos de natación e as actividades dirixidas darán comezo o día 1 de febreiro.
- O mércores día 27 ás 13:30 horas terá lugar a mesa de contratación de actividades físicas en centros privados.
- Hoxe día 25 ás 14:00 horas remata o prazo de inscrición da viaxe á neve. Dado que o número de prazas ofertadas é de 45, e as solicitudes presentadas ata o de agora superan dita cifra, realizarase o sorteo o mércores día 27 ás 19:00 horas na OMIX. A data de confirmación de praza será entre os días 28 e 29.
- O venres día 29 dará inicio o programa de xuventude "Por fin é venres", na Casa da Xuventude. Comezará cun taller de disfraces para o Entroido.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 18 da xaneiro. Reunión na Alcaldía co Sr. alcalde Óscar Garcia Patiño e a concelleira M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández coa Asociación de veciños de Cela, coa presidenta Inma



Vazquez Méndez e a secretaria Sandra M<sup>o</sup> López Pita . Comunicar que a asociación de Cela xa a ten dada da alta e comunicar as súas carencias e deficiencias na asociación e na parroquia co cual estamos estudando as súas propostas.

- O día 18 da xaneiro ás 18 horas, mantivo unha reunión escolar, presidida pola Sra. concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico do Concello de Cambre Dna. M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández no Centro de Educación Infantil e Primaria de Brexo-Lema “Emilio González López” encontrándose a Directora Dna. M<sup>a</sup> Luisa, o secretario Sr. Jorge, acompañados pola presidenta da “ AMPA” Dna. Patricia Suárez o resto de profesorado e pais dos alumnos; Levouse a cabo a presentación do informe do centro relativo ao exercicio 2015/16 co cual foron aprobados, e tamén piden ao Concello das súas necesidades do Centro que se tomou nota e se estudarán.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia